

ANTROPOLOXÍA

1º DE BACHARELATO

PRESENTACIÓN DOS CONTIDOS E PROCEDEMENTOS

1. CONTIDOS

BLOQUE I. A ANTROPOLOXÍA COMO CIENCIA

Unidade 1: A Antropoloxía como ciencia

- Obxecto, métodos e características da antropoloxía.
- A antropoloxía e as ciencias humanas.
- División da antropoloxía.
- As diferentes escolas da antropoloxía e os autores principais

BLOQUE II. ANTROPOLOXÍA BIOLÓXICA

Unidade 2: A orixe biolóxica e cultural do ser humano

- O proceso de hominización
- Evolución biolóxica e evolución cultural
- Formación xenética e formación cultural (o problema das razas)
- Estrutura das culturas
- Os valores culturais: ritos, tradicións, cerimoniais e costumes
- A diversidade cultural

BLOQUE III. ANTROPOLOXÍA SOCIAL E CULTURAL

Unidade 3: A organización social da relación co medio

- Antropoloxía da alimentación
- Antropoloxía da vivenda
- Antropoloxía da vestimenta
- Antropoloxía do traballo

Unidade 4: A organización social da reprodución

- Os códigos de parentesco (a familia)
- As institucións sociais relacionadas coa regulamentación da vida sexual (matrimonio, etc.)
- Os grupos sociais
- Os roles sociais

Unidade 5: A organización social do poder

- As formas de organización social do poder (da horda ao estado)
- As institucións e códigos éticos
- As institucións legais
- As institucións políticas

BLOQUE VI. ANTROPOLOXÍA LINGÜÍSTICA

Unidade 6: A linguaxe e a arte

- A linguaxe como código simbólico e como creación cultural
- Mito, maxia e relixión
- A arte como código simbólico e como creación cultural
- A arte e as súas implicacións socioculturais

BLOQUE V. ANTROPOLOXÍA FILOSÓFICA

Unidade 7: O problema filosófico do ser humano

- A pregunta polo ser humano
- O ser humano e a morte
- Interpretacións históricas da estrutura antropolóxica do ser humano: monismo e dualismo
- O problema da indeterminación e a liberdade

2. SECUENCIACIÓN DOS BLOQUES E UNIDADES POR TRIMESTRES

A distribución dos contidos conceptuais da materia ao longo do curso que este Departamento propón está pensada para que as nove unidades didácticas se repartan nos tres trimestres naturais do curso.

TRIMESTRE	BLOQUE	UNIDADES
Primeiro	Bloque I: A antropoloxía como ciencia Bloque II: Antropoloxía biolóxica	Unidade 1 Unidade 2
Segundo	Bloque III: Antropoloxía social e cultural	Unidades 3 a 5
Terceiro	Bloque IV: Antropoloxía lingüística Bloque V: Antropoloxía filosófica	Unidades 6 Unidade 7

3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

En cada unidade haberá alomenos unha proba teórica e/ou unha proba práctica, agás na primeira no que só haberá unha proba teórica, e na sétima no que só haberá unha proba práctica de comentario de texto. A cualificación de cada unidade será o resultado da media ponderada entre o total das probas realizadas.

En cada unha das tres reunións de avaliación, a cualificación será a media de todas as unidades que se leven avaliado.

Dada a especificidade de cada unidade, o tipo de probas que se cualificarán serán diferentes. Indicamos as posibilidades máximas (en función do tempo e do desenvolvemento do curso, poderán reducirse o tipo de probas para cualificar unha unidade):

UNIDADE	TIPOS DE PROBAS	
	TEÓRICAS	PROBAS PRÁCTICAS
1. A Antropoloxía como ciencia	Proba teórica	
2. A orixe biolóxica e cultural do ser humano	Proba teórica	Película "Na busca do fogo" Documentais "La odisea de la especie" Traballo de campo conxunto sobre cultura galega: 1. Historias sobre a estantía ou Santa Compaña. 2. Medicina tradicional. 3. Ritos galegos: a matanza do porco. 4. Ritos galegos: os velorios Lectura de "Romeiros do alén" Comentario de textos
3. A organización social da relación co medio	Proba teórica	Documentais "Pueblos de la tierra"
4. A organización social da reprodución		Traballo de campo conxunto sobre cultura galega: 1. Ritos galegos: o Antroido
5. A organización social do poder		Lectura de "Jefes, cabecillas y abusones" Análise práctica de condutas culturais
6. A linguaxe e a arte	Proba teórica	Documentais "Pueblos de la tierra" Traballo de campo individual sobre cultura galega Lectura de "La comunicación no verbal" Comentario de textos
7. O problema filosófico do ser humano		Comentario de textos